

a) Depósito en diñeiro efectivo.

b) Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un banco ou caixa de aforros cando o débito exceda de 1.502,53 €.

c) Fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, para débitos que non excedan da cantidade de 1.502,53 €.

Lugo, 9 de setembro de 2010.- O ALCALDE, P.D.: A DELEGADA DA AREA DE URBANISMO (Decreto da Alcaldía nº 74/2008), María Novo Pena.

R. 04995

—
Edicto

Faise pública a notificación da iniciación do procedemento sancionador número 115/08 contra don Gonzalo Balea Neira, pola instalación dunha antena parabólica sen licenza municipal na rúa Santo Graal, nº 90, como consecuencia de que, intentada dita notificación non se puido practicar. E isto de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE nº 12, do 14/01/99).

No acordo de iniciación concédeselle ó interesado un prazo de quince días para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convenientes e, no seu caso, propoñer proba concretando os medios de que pretendan valerse. Mesmo poden recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 8 do Regulamento do Procedemento Sancionador.

Posto que, neste expediente existen datos que poden lesionar dereitos ou intereses lexítimos dos interesados, esta publicación límitase a unha breve indicación do acto, emprazando ós interesados no Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina Urbanística, para que poidan coñecer o contido integro do acto notificado no prazo de OITO DÍAS; de conformidade co establecido no artigo 61 da Lei 30/1992. Significando que os prazos que se indican nos parágrafos seguintes, comezarán a contar dende o remate do prazo de oito días ou dende a data da comparecencia se efectúe nas dependencias do Servizo de Urbanismo.

Significando que esta resolución non pon fin á vía administrativa, e por tratarse dun acto de mero trámite, contra ela non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime procedente.

Lugo, 9 de setembro de 2010.- O ALCALDE, P.D.: A DELEGADA DA AREA DE URBANISMO (Decreto da Alcaldía nº 74/2008), María Novo Pena.

R. 04998

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Subministros.

b) Descrición do obxecto: Subministración (aluguer) e instalación da iluminación ornamental en diversas rúas da cidade de Lugo durante o San Froilán 2010.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinario.

b) Procedemento: Negociado.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato:

O orzamento de licitación 22.915,25 euros mais o IVE (18%)- 4.124,74 euros resultando un total de 27.040 euros IVE incluído.

5.- Adxudicación provisional:

a) Data: 23-09-2010

b) Contratista: ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Orzamento máximo do contrato: Importe total de 21.220,34 máis o IVE (18%) - 3.819,66 euros-, resultando un total de 25.040 €, IVE INCLUIDO.

Lugo, 23 de setembro de 2010.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007) Sonia Mendez Garcia.

R. 05084

—
ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Servizos.

b) Descrición do obxecto: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE ADECUACION DOS ESPAZOS, FABRICACIÓN E MONTAXE DA INSTALACIÓN MUSEOGRÁFICA DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total: 100.000 €. IVE (16 %) incluído.

5.- Adxudicación:

a) Provisional: 22 de setembro de 2010

b) Contratista: MARIA DESIREE GONZÁLEZ GARCÍA.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 79.344,83 €. IVE (18 %) incluído.

Lugo, 22 de setembro de 2010.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007) Sonia Mendez Garcia.

R. 05085

—
MONTERROSO

Edicto

Aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos núm. 18 de 2010, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe de vinte e catro mil oitocentos sesenta e oito euros con cincuenta e sete céntimos (24.868,57), en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co art. 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 05 de marzo, exponese o público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Monterroso, 24 de setembro de 2010.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Antonio E. Gato Soengas.

R. 05018

OUTEIRO DE REI

Anuncio

En cumprimento de lo previsto en el artículo 22.2 de la Ley 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, con fecha de 23 de agosto de 2010, se dictó orden de ejecución de labores de gestión de la biomasa vegetal de la parcela 150 del polígono 60 del término municipal de Outeiro de Rei.

Intentada la notificación al interesado, ésta no se pudo practicar, por lo que, en aplicación del artículo 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, se acuerda:

1. Ordenar a don Alfonso Ángel Rivas Folgueira, la gestión de la biomasa vegetal de la parcela 150 del polígono 60, en los términos y condiciones fijados en la "Orde do 31 de xullo de 2007, pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal". La presente orden deberá ser cumplida en el plazo máximo e improrrogable de quince días naturales.

2. Iniciar expediente sancionador contra el interesado por razón del incumplimiento del deber impuesto a los propietarios del suelo por el artículo 9 de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre.

3. Otorgar un prazo de audiencia de quince días a los interesados, con la finalidad de que pueda comparecer en expediente y presentar las alegaciones, documentos y pruebas que estime convenientes en la defensa de sus bienes y derechos.

4. Advertir que, de non comparecer en el expediente y no ejecutar debidamente la orden de ejecución, el Concello de Outeiro de Rei procederá a la ejecución subsidiaria de la citada orden por cuenta del titular.

En Outeiro de Rei, a 22 de setembro de 2010.- El Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 05006

—
RIBADEO

Anuncio

En cumprimento do disposto no Regulamento de Planeamento Urbanístico e demais normativa de aplicación faise público que mediante resolución da Alcaldía de data 21.09.2010 quedou aprobado definitivamente o proxecto de reparcelación do Parque Empresarial de Ribadeo.

Ribadeo, 21 de setembro de 2010.- O Alcalde, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 05009